

1. TÍTULO DO PROGRAMA / AXUDA

Subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega.

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Axudas para promocionar as vendas dos artigos e produtos artesanais galegos.

3. TIPOS DE APOIO

Axudas a fondo perdido suxeitas ao réxime de mínimos e tramitadas en réxime de concorrência competitiva.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

Persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidades económicas, ou patrimonio separado sen personalidades xurídica, legalmente constituída, que cumpra os seguintes requisitos:

1. Titulares de obradoiros artesanais, xa sexan persoas físicas ou xurídicas e comunidades de bens, inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. No caso de novos obradoiros, poderán solicitar a inscrición ata o último día de prazo para solicitar esta subvención.
2. Asociacións profesionais legalmente constituídas das cales cando menos o 90% dos seus membros, cun mínimo de 10, figuren inscritos na sección segunda (obradoiros artesanais) do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.
3. Concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. SECTORES INCENTIVABLES

Comercio artesan.

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

Os solicitantes deberán estar inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

As actuacións subvencionables deberán estar efectivamente realizadas e pagadas dende o 1 de xaneiro do 2023 ata a data límite de xustificación do 31 de outubro do 2023. Excepcionalmente considéranse subvencionables os gastos efectuados dende o 1 de novembro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022, derivados da organización e participación en feiras do período Nadal 2022/2023, así como os gastos efectuados no 2022 para o pagamento da súa reserva.

- **Titulares de obradoiros artesanais.**

A participación como expositor en feiras ou eventos de interese artesanal, nacionais ou internacionais.

- **Feiras profesionais de artesanía; Feiras non profesionais; Feiras profesionais e non profesionais do período do Nadal 2022/2023.**

Ditas feiras deberán ter indubidable interese comercial para o sector artesanal galego e da Dirección Xeral de Comercio poderá pedir un informe da Fundación Pública Artesanía Galicia ou unha certificación das asociacións profesionais de artesáns de Galicia máis representativas que acrediten estas calidades.

Serán gastos subvencionables para a asistencia a feiras como expositor: Os que ocasione o alugamento do espazo expositivo que se contrata; os seguros e aqueles servizos de carácter básico e obrigatorios sinalados polo regulamento da feira; o transporte do material expositivo realizado por un transportista profesional; no caso de feiras internacionais, os servizos de tradución e de transporte realizado por un transportista profesional

- **Asociacións profesionais e empresariais de artesáns.**

- **A organización de feiras de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia** de distintos oficios e que conteñan cun mínimo dun 70% de postos obradoiros artesáns inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia sobre o total de postos.

Serán gastos subvencionables na organización das feiras: A infraestrutura e os servizos propiamente feirais; a publicidade; as demostracións de oficios artesanais en vivo e obradoiros artesanais divulgativos.

- **O mantemento da páxina web.**

Gastos subvencionables para o mantemento da páxina web: Os gastos de mantemento e actualización de contidos; as ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS); a imaxe dixital.

As páxinas deben cumprir os requisitos técnicos do apartado 4.4.4 do artigo 4 da orde de convocatoria para ser subvencionables.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

- **Titulares de obradoiros artesanais.**

As axudas consistirán en tickets de impulso á comercialización, sendo os importes das axudas os seguintes:

- Ticket de feira profesional cun importe máximo de axuda cada un deles de 500 euros, 1.000 euros, 1.500 euros, 2.000 euros, e 3.000 euros, cun máximo de 6 tickets por obradoiro, e as axudas concederáse unicamente para a participación en feiras cuxo investimento subvencionable sen IVE sexa igual ou superior a 500 euros. A porcentaxe de subvención por cada feira acadará o 80% do investimento máximo subvencionable IVE excluído.
- Ticket de feira non profesional cun importe máximo de axuda cada un deles de 400 euros e 750 euros, cun máximo de 6 tickets por obradoiro. A axuda concederáse unicamente para a asistencia a feiras cuxo investimento subvencionable sen IVE sexa igual ou superior a 400 euros. Quedan excluídas de solicitar por ticket as feiras do período de Nadal 2022/2023. A porcentaxe de subvención por cada feira acadará o 80% do investimento máximo subvencionable, IVE excluído.
- Feiras de Nadal 2022/2023: Dado que a asistencia a feiras do período de Nadal 2022/2023 para as que se solicita subvención xa se realizou no momento de presentación das solicitudes, deberá achegarse a documentación sinalada no artigo 5 da alínea 1.1 xunto coa solicitude de subvención para estas actuacións. E as axudas concederáse unicamente para a asistencia a feiras cuxo investimento subvencionable sen IVE sexa igual ou superior a 400 euros. O importe máximo da axuda para estas feiras de Nadal será do 80% do investimento máximo subvencionable, cun máximo de 1.500 euros por feira e cun límite de 3 feiras para este período.

O importe máximo de subvención para todas esas actuacións subvencionables non poderá superar 8.000 euros IVE excluído.

O pagamento das axudas realizarase unha vez que se xustifiquen os gastos de acordo co disposto no artigo 21 da orde de convocatoria (data tope para xustificar o 31 de Outubro do 2023), sempre que se xustifique como mínimo o 40% da axuda concedida.

- **Asociacións profesionais e empresariais de artesáns.**

- Organización de feiras de artesanía:
 - De 10 a 20 obradoiros artesáns participantes, corresponderalle o 80% do investimento subvencionable IVE excluído cun máximo de 10.000 euros.
 - De 21 a 29 obradoiros artesáns, a porcentaxe de subvención acadará o 80% do investimento subvencionable IVE excluído, cun máximo de 12.000 euros.
 - Máis de 30 obradoiros artesáns, acadase o 80% do investimento subvencionable IVE excluído cun máximo de 18.000 euros.
- Mantemento da páxina web:
 - De 10 a 30 membros asociados, inscritos na sección segunda do Rexistro de Artesanía de Galicia, corresponderalles un 80% do

investimento subvencionable IVE excluído cun máximo de 8.000 euros.

- De 31 a 50 membros asociados, que figuren inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, a porcentaxe acadará o 80% do investimento subvencionable IVE excluído cun máximo de 15.000 euros.
- Máis de 50 membros asociados, que figuren inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, acadarase o 80% do investimento subvencionable IVE excluído cun máximo de 20.000 euros.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse na modalidade electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

O prazo para presentar as solicitudes remata o 28 de maio de 2023.

11. INCOMPATIBILIDADES

12. REFERENCIA LEXISLATIVA

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN

14. OBSERVACIÓNS

- Páxina web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación: <https://ceei.xunta.gal>
- Páxina web de artesanía de Galicia: <http://artesaniadegalicia.xunta.gal>
- Teléfonos de contacto: **881 99 91 78 / 981 54 55 97**